



## **PROCEDIMIENTO PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO**

(Aprobado pola Comisión Electoral en data 02/11/2011)

### **Artigo 1**

1. A elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento rexeráse polos Estatutos da Universidade de Vigo, polo Regulamento de departamentos e polas normas contidas no presente regulamento.
2. A convocatoria de eleccións achegarase aos centros, departamentos e delegacións de alumnas e alumnos. Toda a información relativa ás eleccións deberá ser exposta nos taboleiros electorais dos centros.
3. Toda a documentación electoral remitida aos centros deberá enviarse, na medida en que sexa posible, en formato electrónico.

### **Artigo 2**

De acordo co artigo 45 dos Estatutos, o consello de departamento está integrado por:

- a) Todos os doutores e doutoras membros do departamento.
- b) Todo o resto do persoal docente e investigador a tempo completo.
- c) Un 20% do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, que en ningún caso superará o 10% do total do órgano.
- d) Unha representación do alumnado que constituirá o 25% do total dos membros do consello de departamento, sendo a metade de estudantes do terceiro ciclo. En todo caso, de haber candidatos ou candidatas, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de polo menos un ou unha estudante de cada un dos centros onde imparte docencia o Departamento.
- e) Unha representación do persoal investigador en formación, que constituirá como máximo o 2% do Consello de Departamento.
- f) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 9% do total dos membros do Consello de Departamento.

Os membros electos do Consello de Departamento serán renovados cada dous anos.

### **Artigo 3**

Correspóndelle á Comisión Electoral a elaboración e aprobación do procedemento electoral.

### **Artigo 4**

1. Son electores e electoras para a elección de representantes no Consello de Departamento aqueles estudantes que se matriculen nalgunha das materias dispensadas polo profesorado do departamento. Tamén é elector ou electora o alumnado de terceiro ciclo.
2. Consideraranse tamén estudantes os que estean en tutela de tese de doutoramento que se asignen aos departamentos.
3. Tamén terán esta consideración aquel alumno ou alumna que estea realizando a tese de licenciatura. Para gozaren da devandita situación, será condición imprescindible ter unha dedicación dun mínimo de quince horas semanais na realización do traballo da tese de licenciatura. Esta condición terá que ser xustificada mediante a correspondente certificación para a inclusión no censo definitivo.
4. O estudantado que estea realizando o proxecto de fin de carreira terá a consideración de alumnado de primeiro ou de segundo ciclo.

5. Ningunha persoa poderá ter a condición de elector ou electora en dous ou máis sectores de representación distintos nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. As persoas que estean na situación anterior deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar un escrito optando polo sector e circunscrición no que desexen participar na votación. No caso de non haber escrito, a Comisión Electoral fará a adscrición prevalecendo o sector de persoal de administración e servizos sobre os restantes e o sector de profesorado doutor con vinculación permanente ou o sector do resto de persoal docente e investigador sobre o sector de estudantes.

6. No caso de simultaneidade de estudos de 1º e 2º ciclo o estudantado deberá, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar un escrito optando por un dos centros onde realice os seus estudos. No caso de non facelo, a Comisión Electoral fará a adscrición, tendo en conta o número de créditos dos que se matriculou, ao centro onde se imparta a titulación na que se matriculase co maior número de créditos.

7. No caso de simultaneidade de estudos de 1º e 2º ciclo con estudos de 3º ciclo o estudantado deberá, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar un escrito optando por un dos sectores. No caso de non facelo, a Comisión Electoral fará a adscrición no sector de 3º ciclo.

8. No caso de que un alumno ou alumna de terceiro ciclo sexa tamén persoal investigador en formación, deberá optar polo sector no que desexe participar na votación. No caso de non facelo prevalecerá a condición de persoal investigador en formación sobre o sector de estudante de 3º ciclo.

### **Artigo 5**

Son elixibles para representantes do estudantado no Consello de Departamento todos aqueles electores e electoras que presenten a súa candidatura de acordo co disposto nestas normas, e sexan proclamados candidatos e candidatas de forma definitiva pola Comisión Electoral.

### **Artigo 6**

1. Por cada departamento existirá unha única circunscrición electoral para toda a Universidade de Vigo.

2. Cada circunscrición deberá contar cun número mínimo de dez electores ou electoras. Cando o número sexa inferior, a Comisión Electoral agrupará a devandita circunscrición con outra ou outras, co fin de garantir o segredo do voto.

### **Artigo 7**

Os decanos, as decanas e as persoas que exerzan a dirección dos centros serán as responsables do proceso electoral en cada centro, debendo proceder á constitución da Xunta Electoral do Centro. A Xunta Electoral do Centro está composta por:

- a) O decano ou decana ou a persoa que exerza a dirección do centro, que a preside.
- b) A persoa que ocupe a secretaría do centro, que actúa como secretario ou secretaria da mesma.
- c) Un membro do persoal docente e investigador, outro do persoal de administración e servizos e un ou unha estudante, designados por sorteo público, así como as persoas que actúen como suplentes.

### **Artigo 8**

1. A emisión de voto será directa e secreta.

2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible.

3. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

### Artigo 9

1. Cada elector ou electora de 1º e 2º ciclo só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidaturas igual ou inferior ao setenta por cento ou porcentaxe máis próxima do total de candidaturas de 1º e 2º ciclo, de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidaturas ás que poderá dar o seu voto cada votante.

2. Cada elector ou electora de 3º ciclo só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidaturas igual ou inferior ao setenta por cento ou porcentaxe máis próxima do total de candidaturas de 3º ciclo, de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidaturas ás que poderá dar o seu voto cada votante.

Táboa 1

A	B	A	B
1	1	11	8
2	1	12	8
3	2	13	9
4	3	14	10
5	4	15	11
6	4	16	11
7	5	17	12
8	6		
9	6		
10	7		

3. Para os efectos de promover a paridade entre xéneros nos Consellos de Departamentos, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior, de acordo coa táboa 2, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros.

Táboa 2

A	B	C	A	B	C
1	1	1	11	8	4
2	1	1	12	8	4
3	2	1	13	9	5
4	3	2	14	10	6
5	4	2	15	11	6
6	4	2	16	11	6
7	5	3	17	12	7
8	6	3			
9	6	3			
10	7	4			

4. De conformidade cos apartados 1 e 2 deste artigo, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidaturas que se pode votar por cada elector ou electora así como o número máximo por cada xénero.

#### **Artigo 10**

1. Serán proclamadas electas aquelas persoas candidatas que obteñan maior número de votos, ata completar o número de representantes que correspondan a ese departamento.

2. No caso de que dúas ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos, darase preferencia para a proclamación á candidatura do xénero menos representado. Se este procedemento non resolve o empate terá preferencia a candidatura de maior antigüidade na Universidade de Vigo. No caso de igualdade será proclamado o de maior idade.

3. Os candidatos e candidatas restantes quedarán coma suplentes para cubrir futuras baixas das candidaturas electas.

### **Artigo 11**

**1.** O día fixado na convocatoria expóranse os censos provisionais nos taboleiros electorais dos centros.

Ao lado do nome e apelidos de cada estudante aparecerán os departamentos nos que figuren no censo.

**2.** Establecerase un prazo de reclamacións sobre admisións ou exclusións, que non poderá ser inferior a cinco días hábiles a partir da data da súa publicación.

### **Artigo 12**

**1.** As reclamacións aos censos provisionais formularanse mediante escrito razoado dirixido ao decano ou decana ou á persoa que exerza a dirección do centro, e presentaranse no rexistro do centro, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares.

**2.** As reclamacións aos censos provisionais resolveranse nos centros, deixando só aquelas que pola súa natureza escapen á súa competencia, que pasarán á Comisión Electoral.

**3.** Logo de rematar o período de reclamacións, a Xunta Electoral do Centro procederá a elevar a definitivo o censo electoral, debéndoo comunicar á Secretaría Xeral.

### **Artigo 13**

**1.** Poderán presentar a súa candidatura nos rexistros dos centros, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares as persoas que teñan a condición de elixibles por figurar no censo definitivo.

**2.** Cada estudante só poderá presentar a súa candidatura a un departamento. Coa candidatura deberá acompañarse fotocopia do seu DNI.

**3.** O escrito no que se presente a candidatura deberá ir asinado polo candidato ou candidata e conterá os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos, número do DNI e fotocopia do mesmo. No caso de que a candidatura sexa presentada por outra persoa, esta terá que identificarse e presentar tamén unha fotocopia do seu DNI.
- b) Departamento ao que presente a súa candidatura.
- c) Centro no que realizou a súa matrícula.
- d) Ciclo que corresponda.
- e) Nº de teléfono e enderezo de correo electrónico.

Os candidatos e candidatas que estean realizando a tese de licenciatura deberán presentar unha certificación na que conste a dedicación de 15 horas semanais.

### **Artigo 14**

**1.** As candidaturas serán individuais para os efectos de votación e escrutinio.

**2.** As candidaturas de estudantes de 1º e 2º ciclo serán independentes das candidaturas de estudantes de 3º ciclo.

**3.** Os candidatos e candidatas poderanse agrupar co único obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, indícarase a denominación e sigla que identifique o seu agrupamento.

**4.** No caso de coincidencia na denominación, sigla ou símbolo por parte de dous ou máis agrupacións distintas, darase preferencia á que teña antes a súa entrada no rexistro.

### **Artigo 15**

1. Recibidas as candidaturas presentadas, a Comisión Electoral efectuará a proclamación provisional de candidatos e candidatas, que se fará pública no taboleiro electoral dos centros.
2. No prazo fixado na convocatoria poderanse presentar reclamacións sobre exclusións ou correccións de erros ou defectos, nos rexistros dos centros, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares.
3. Transcorrido o devandito prazo, a Comisión Electoral fará a proclamación definitiva de candidatos e candidatas, a cal se fará pública no taboleiro electoral dos centros.
4. No caso de que nalgún departamento houbera menos candidaturas que postos para cubrir, non se celebrarán votacións nese departamento.
5. No caso de haber candidaturas, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de polo menos un ou unha estudante de cada un dos centros onde imparte docencia o departamento.

### **Artigo 16**

1. A campaña electoral comprenderá toda clase de actividades levadas a cabo polos candidatos e candidatas proclamadas, en orde á captación de sufraxios, nos centros da Universidade.
2. Os decanos e decanas e quen exerza a dirección dos centros darán as facilidades pertinentes, sen que iso supoña suspensión das actividades ordinarias.

### **Artigo 17**

1. As mesas electorais estarán compostas por unha persoa do sector do persoal docente e investigador, que as preside, un ou unha estudante de 1º ou 2º ciclo, un ou unha estudante de 3º ciclo, unha persoa do sector do persoal de administración e servizos, cos seus respectivos suplentes, actuando como secretario ou secretaria quen teña menor idade. O seu presidente ou presidenta será o correspondente do sector de persoal docente e investigador.
2. Cada membro das mesas electorais será designado ou designada por sorteo público realizado pola Xunta Electoral do Centro, excluindo a quen sexa membro da Xunta Electoral.
3. A Xunta Electoral determinará o número de mesas electorais que sexan necesarias por centro. Deberá haber tamén unha mesa electoral naquelas titulacións que estean emprazadas fóra do edificio do centro.
4. A Xunta Electoral expedirá a credencial aos interventores e interventoras. Non se pode nomear interventor ou interventora a quen sexa membro dunha mesa electoral.
5. O decano ou decana ou a persoa que exerza a dirección do centro comunicará os resultados do sorteo da composición das mesas electorais á Xunta Electoral e de modo individualizado, comunicará a súa designación a quen resultase membro da mesa electoral e tamén o comunicará á Comisión Electoral para os efectos de tramitar, no seu caso, as axudas de custo correspondentes. Así mesmo, os decanos ou decanas ou a persoa que exerza a dirección do centro farán pública a composición da mesa electoral nos seus respectivos centros.
6. A condición de membro dunha mesa electoral é obrigatoria para cada persoa nomeada. As causas xustificadas que impidan o seu exercicio serán consideradas pola Xunta Electoral do Centro.
7. A condición de candidata ou candidato proclamado é incompatible coa de membro dunha mesa electoral.
8. A condición de membro da Xunta Electoral do centro é compatible coa de candidato ou candidata.

### **Artigo 18**

1. En cada centro, ou agrupación de centros autorizada pola comisión electoral da universidade, haberá unha urna e un censo por cada departamento no que haxa eleccións.

2. A votación terá lugar o día fixado na convocatoria dende as 10 horas ás 18 horas.

3. O día da votación as mesas electorais constituiranse ás 9 horas coa presenza de todas as persoas que a compoñen, sexan titulares ou suplentes, e quedará validamente constituída coa maioría delas.

No caso de que non fose posible a constitución da mesa electoral, o decano ou decana ou a persoa que exerza a dirección do centro arbitrará as medidas oportunas para cubrir as vacantes.

Durante a xornada de votación, a mesa poderá actuar con dous membros, sempre que un deles sexa a persoa que exerce a presidencia ou a persoa que ocupa a secretaría.

4. Tamén poderase votar electrónicamente de acordo co procedemento que se estableza.

### **Artigo 19**

Á hora sinalada no apartado 3 do artigo anterior o presidente ou a presidenta da mesa electoral estenderá a acta da constitución. Na acta indícarase o nome de todas as persoas que compoñen a mesa, facendo constar en quen recae a función de secretario ou secretaria, e será asinada por todas elas.

### **Artigo 20**

1. En cada centro emitirán o seu voto os electores ou electoras con matrícula no mesmo.

2. O dereito a votar acreditarase pola inclusión nos censos definitivos.

### **Artigo 21**

1. O elector ou electora identificarase perante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento identificativo normalizado da Universidade de Vigo.

2. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e deseguido o elector ou electora emitirá o seu voto, un por cada departamento no que figure no censo.

3. Os membros da mesa, no caso de que non voten electrónicamente, votarán en derradeiro lugar.

### **Artigo 22**

1. As papeletas de votación serán impresas e únicas para cada departamento. A Secretaría Xeral facilitará aos decanos ou decanas e ás persoas que exerzan a dirección dos centros as papeletas de votación e os sobres correspondentes, así como as actas de escrutinio. Os decanos e decanas e as persoas que exerzan a dirección dos centros entregarán a devandita documentación á presidencia das mesas electorais.

2. Os nomes das candidatas e candidatos proclamados figurarán na papeleta por orde alfabética, previo sorteo por parte da Comisión Electoral da letra pola que debe comezar a relación. En cada papeleta haberá dúas listaxes, unha de candidatos e outra de candidatas.

3. O nome de cada candidato ou candidata irá precedido dun recadro onde cada elector ou electora sinalará cunha cruz as candidaturas ás que outorgue o seu voto, co límite que se sinala no artigo 9.

4. No caso de que haxa un número de candidaturas superior ao número de estudantes do Consello de Departamento, non se superará en ningún caso o 25% e prevalecerá en calquera caso que a metade sexan estudantes de terceiro ciclo.

5. A carón do nome do candidato ou candidata figurará a sigla de identificación do agrupamento prevista no artigo 14.3, de solicitalo así ao formalizar a súa candidatura.

### **Artigo 23**

- 1.** Rematada a votación, a presidencia da mesa declarará iniciado o acto do escrutinio, que será público.
- 2.** Serán consideradas nulas aquelas papeletas nas que figuren sinalados maior número de candidatos ou candidatas das que corresponda votar e aquelas nas que non se cumpra o previsto no artigo 9.3 no relativo ao xénero.
- 3.** No caso de voto electrónico, rematado o prazo da votación, a presidencia da mesa electoral declarará iniciado o acto de escrutinio, que será público.
- 4.** Todas as persoas que compoñan a mesa confrontarán o resultado cos interventores e interventoras, do que se levantará a correspondente acta por duplicado, detallando os votos válidos, en branco e nulos. Especificarase o número de votantes, o número de votos nulos e o número de votos válidos, distinguindo dentro destes os votos en branco e os votos obtidos por cada candidato ou candidata.
- 5.** Rematado o escrutinio, os presidentes e presidentas remitirán á presidencia da Comisión Electoral as actas de escrutinio así como as actas electrónicas. Comunicarán os resultados inmediatamente por fax ou escaneados por correo electrónico despois de realizar o escrutinio.
- 6.** Todas as actas deberán ser asinadas polas persoas que compoñen a mesa e máis os interventores ou interventoras. Un exemplar será publicado no taboleiro electoral de cada centro.

### **Artigo 24**

- 1.** Unha vez recibidas as actas das distintas mesas electorais, a Comisión Electoral procederá a realizar o escrutinio xeral e proclamará provisionalmente ás candidatas e candidatos electos. Esta proclamación realizarase de acordo co establecido no artigo 10.
- 2.** Unha vez proclamados de xeito provisional as candidatas e candidatos electos, abrírase un prazo de polo menos dous días hábiles para a presentación de reclamacións. As reclamacións presentaranse no rexistro do centro, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares.
- 3.** Resoltas as reclamacións, a Comisión Electoral, a través do seu presidente ou presidenta, comunicará aos correspondentes departamentos o resultado definitivo das eleccións que se fará tamén público no taboleiro electoral dos centros.